

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2017

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de setembro deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA PRIETO NIETO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a ROSANA RIELO ROZAS e D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Técnico de Administración Xeral e Adxunto do Servizo de Urbanismo, don Justo Díaz Rodríguez, que actúa como Vicesecretario accidental, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTAS.- Apróbanse as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 9, 16 e 23 de agosto de de 2017.


ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase outorgar as seguintes licenzas: para instalación de ascensor en edificio de vivendas, sito no Carril do Mercado, número 1; para obras de reforma de local de planta baixa dedicado a café-bar, coa licenza de apertura número 387/03, sito na rúa Tino grandío, número 17 baixo; para obras de protección contra o asolagamento dos restos arqueolóxicos do Balneario de Lugo, sito no camiño do Balneario, s/n; para rehabilitación, reforma e ampliación de edificio existente, composto de planta baixa para accesos e local sen uso definido, tres plantas altas e aproveitamento baixo cuberta para 4 vivendas, na rúa Norias, número 16; e para peche de oco de fachada cunha galería, na edificación, coa licenza urbanística 312/73, sita na rúa da Millara, número 6.

Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de habitabilidade en Galicia, para a actuación de instalación de ascensor en edificación sita na rúa Río Lor, número 46.

Tamén se acorda declarar a caducidade da licenza de obras número 121/2011, outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 30 de setembro de 2009, para construír un edificio na rúa Serra de Ancares números 31-33.

2. LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.- Acórdase outorgar a licenza de primeira ocupación para unha edificación composta de planta baixa comercial e tres plantas altas para tres vivendas, sita na rúa Poeta Noriega Varela, número 46, coa licenza urbanística número 679/90.



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoxg38

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-9-2017

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase adxudicar a contratación do alugueiro de dez cabinas sanitarias para instalar en zonas verdes públicas. Expdte ref: 8-2017.

Así mesmo, acórdase aprobar o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Lugo para a xestión do servizo de comedor escolar en oito centros educativos do Concello. 2017

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.